

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E OS COLEXIOS OFICIAIS DE PERITOS E ENXEÑEIROUS TÉCNICOS INDUSTRIAIS DE LUGO, VIGO, E OURENSE, E O COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROUS TÉCNICOS INDUSTRIAIS DA CORUÑA, PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTUACIÓNS DE FOMENTO E DIFUSIÓN DA SEGURIDADE INDUSTRIAL EN GALICIA.

REÚNENSE

Dunha parte, M^a Jesús Lorenzana Somoza, en nome e representación da Consellería de Economía e Industria (en adiante, CEI), na súa calidade de conselleira, segundo nomeamento recollido no Decreto 44/2024, do 14 de abril, e en virtude das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e o Decreto 140/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da CEI (DOG núm. 101 do 27 de maio).

Por outra parte, Jorge Rivera Gómez, en nome e representación Colexio Oficial de Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo (en adiante COETILUGO), CIF: Q2770001B, como presidente nomeado en data 3 de abril de 2024 e coas facultades para a sinatura deste convenio en virtude dos estatutos de dito Colexio.

Jorge Cerqueiro Pequeño, en nome e representación Colexio Oficial de Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo (en adiante COETIVIGO), con CIF: Q3670001A, como presidente nomeado en data 24 de xaneiro de 2023 e coas facultades para a sinatura deste convenio en virtude dos estatutos de dito Colexio.

Macario Daniel Yebra Lemos, en nome e representación Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña (en adiante COETICOR), con CIF: Q1570002D, como presidente nomeado en data 22 de novembro de 2022 e coas facultades para a sinatura deste convenio en virtude dos estatutos de dito Colexio.

Santiago Luis Gómez-Randulfe Álvarez, en nome e representación Colexio Oficial de Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais de Ourense (en adiante COETIOU), con CIF: Q3270001E, como presidente nomeado en 15 de maio de 2023 e coas facultades para a sinatura deste convenio en virtude dos estatutos de dito Colexio.

As partes recoñécense mutua e respectivamente a capacidade suficiente para asinar este convenio de colaboración.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a CEI, a través da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial como órgano superior, ten atribuídas competencias no ámbito da seguridade industrial, segundo o recollido no Decreto 140/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da devandita Consellería modificado polo Decreto 101/2025, do 27 de outubro, polo que se modifican o Decreto 142/2016, do 22 de setembro, polo que se modifican as normas reguladoras do Instituto Enerxético de Galicia e se aproban os estatutos da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, e o Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria.

SEGUNDO.- Que os colexios son unha corporación profesional de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins que rexe o seu funcionamento polos Estatutos dos propios Colexios, aprobados pola Orde do 3 de abril de 2013 pola que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo (DOG Núm. 77 Luns, 22 de abril de 2013), Orde do 30 de setembro de 2011 pola que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Peritos e



Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo (DOG Núm. 196 Xoves, 13 de outubro de 2011), Orde do 12 de xaneiro de 2016 pola que se aproba a modificación parcial dos estatutos do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña (DOG Núm. 15 Luns, 25 de xaneiro de 2016), e Orde do 4 de abril de 2013 pola que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais de Ourense (DOG Núm. 78 Martes, 23 de abril de 2013), e polo disposto na Lei estatal 2/1974, de 13 de febreiro, de colexios profesionais; na Lei 11/2001, de 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia; así como polo Real Decreto 132/2018, do 16 de marzo, polo que se aproban os Estatutos Xerais dos Colexios Oficiais de Enxeñeiros Técnicos Industriais e Peritos Industriais de España e do seu Consello Xeral.

Entre os fins do COETILUGO e COETIVIGO están o de colaborar coas administracións públicas no exercicio das súas competencias, nos termos previstos na lexislación vixente. Así mesmo, entre os fins do COETICOR e COETIOU están velar por que todas as súas accións estean presididas polo servizo á sociedade en xeral.

Entre a función común, recollida nos estatutos dos citados colexios, está a de exercer cantas funcións lle sexan encomendadas ou delegadas polas administracións públicas. Por outra, tres dos colexios teñen como función asesorar as administracións públicas e colaborar con elas na realización de estudos e informes, elaboración de estatísticas e outras actividades relacionadas coa enxeñaría industrial que lle poidan ser solicitadas ou que se acorde formular por propia iniciativa, e o restante COETICOR asesorar as administracións públicas, facer convenios e colaborar con elas na realización de estudos e informes, elaboración de estatísticas e outras actividades relacionadas coa profesión no ámbito industrial, de consumo, ambiente, calidade, PRL, mobilidade, etc. que lles poidan ser solicitadas ou acorden formular por propia iniciativa.

Así mesmo, na exposición de motivos da Lei estatal 2/1974, de 13 de febreiro, de colexios profesionais, dise expresamente que "estas institucións deben ser amparadas en canto satisfán esixencias sociais de interese xeral, para que poidan participar eficazmente no perfeccionamento dos fins da comunidade nacional".

Ademais, no articulado da mesma Lei de colexios profesionais establécese que os colexios de profesións técnicas visarán aqueles traballos profesionais no seu ámbito de competencia cando sexa necesario por existir unha relación de causalidade directa entre o traballo profesional e a afectación á integridade física e á seguridade das persoas. Entre os proxectos que os colexios profesionais se encargan de visar, atópanse aqueles correspondentes ás instalacións incluídas nos diferentes regulamentos de seguridade industrial e que poden ser proxectadas por persoas con titulación de enxeñaría técnica industrial.

Por outra banda, os Estatutos dos colexios recollen no seus artigos referidos o ámbito territorial cadansúa das provincias, polo cal os catro suman a totalidade do ámbito territorial da comunidade autónoma de Galicia.

TERCEIRO.- Entre os obxectivos fundamentais das actuacións de todas as administracións públicas atópase a procura da seguridade en xeral das persoas, como unha das pezas fundamentais e alicerce sobre o que se sustenta a construción da sociedade do benestar.

E neste ámbito cabe salientar, poñer de relevo e visualizar, a propia seguridade industrial (a instalación eléctrica, o ascensor, o vehículo, etc.) como parte esencial e intrínseca da cotidianeidade vital das persoas que conforman as sociedades do cualificado primeiro mundo.

De acordo con este obxectivo, a CEI, en exercicio das competencias que lle corresponden e ten atribuídas en materia de industria, considera de interese social prioritario e primordial a promoción e difusión da Seguridade Industrial dos establecementos e instalacións industriais situados na Comunidade Autónoma de Galicia.



Neste senso, a actividade industrial, e a súa calidade e seguridade, teñen un efecto multiplicador que se estende a ámbitos como a investigación ou o desenvolvemento de servizos baseados na tecnoloxía e é, por tanto, garantía de crecemento, creación de emprego de calidade, desenvolvemento da economía, competitividade e prosperidade.

CUARTO.- Que a CEI exerce, a través da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, as competencias en materia de seguridade e calidade industrial, entre elas a elaboración, programación, seguimento e difusión de estudos e campañas informativas en materia de seguridade e calidade industrial.

Que no desenvolvemento das competencias citadas a Consellería desenvolverá unha serie de actuacións extraordinarias dirixidas á mellora da Seguridade Industrial en Galicia, cuxo obxectivo é a prevención e limitación de riscos que a actividade industrial puidese xerar ás persoas, flora, fauna, bens ou ao medio ambiente, así como o establecemento de mecanismos que permitan coñecer en tempo real o cumprimento de requisitos regulamentarios para garantir un seguro, adecuado e correcto funcionamento das instalacións e produtos sometidos á seguridade industrial. Entre estas actuacións, destacan as dirixidas ao fomento e difusión da Seguridade Industrial.

O cumprimento dos regulamentos de seguridade industrial é fundamental para garantir a seguridade das instalacións afectadas e, polo tanto, a seguridade das persoas que as usan. Para acadar un maior grao de cumprimento deses regulamentos, que redunde nun incremento da seguridade das persoas, faise necesario realizar unha campaña de difusión e concienciación da importancia da seguridade industrial entre as empresas e a poboación afectada.

QUINTO.- Que, en liña co desenvolvemento, promoción e coordinación da seguridade industrial, promóvese por parte da CEI, en colaboración cos citados colexios profesionais, a posta en marcha dunha serie de actuacións dirixidas a mellorar a seguridade industrial en Galicia.

SEXTO.- Que para a consecución da posta en marcha das anteditas actuacións, as partes consideran de mutuo interese establecer fórmulas de colaboración que permitan executar as distintas accións encamiñadas ao cumprimento dos ditos obxectivos, xa que non se contemplan prestacións propias dos contratos regulados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Entre esas fórmulas de colaboración, considérase a máis axeitada a figura do convenio entre unha Administración Pública (CEI) e unha Corporación de Dereito Público (os citados colexios profesionais), ao abeiro do artigo 47.2 letra c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Por todo o exposto, ambas partes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten como obxecto determinar o marco de colaboración entre a CEI e os citados colexios profesionais para o desenvolvemento conxunto de actuacións de fomento, difusión e concienciación sobre seguridade industrial en Galicia co obxectivo de sensibilizar sobre a importancia da seguridade industrial, divulgar as obrigas dos titulares de instalacións suxeitas a regulamentos de seguridade industrial para garantir a súa



seguridade, e promover cantas accións faciliten o cumprimento dos variados ámbitos da regulamentación e disposicións vixentes.

SEGUNDA.- ACTIVIDADES A DESENVOLVER

A CEI e os citados colexios profesionais levarán adiante unha serie de actividades dirixidas ao fomento e difusión da Seguridade Industrial na Comunidade Autónoma de Galicia.

As actividades a desenvolver obxecto deste convenio de colaboración son as seguintes:

- 1) **Actuacións divulgativas de boas prácticas de seguridade industrial en instalacións provisionais en verbenas e festas populares:** Prevese a elaboración de documentación divulgativa de boas prácticas de seguridade industrial para o seu uso por parte de técnicos das administracións local, provincial e autonómica; profesionais e particulares; coa finalidade de garantir o cumprimento da normativa de seguridade aplicable e, polo tanto, as condicións de seguridade para os usuarios das instalacións provisionais en eventos populares.
- 2) **Guía divulgativa sobre infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos (2ª versión):** Prevese a elaboración dunha 2ª versión da guía divulgativa para o seu uso por parte de técnicos das administracións local, provincial e autonómica; profesionais e particulares; coa finalidade de garantir o cumprimento da normativa de seguridade aplicable aos proxectos de infraestruturas de puntos de recarga de vehículos eléctricos, tanto de acceso público como privado, na súa instalación e vida útil, así como requisitos administrativos para a súa instalación.
- 3) **Promoción da seguridade contra incendios en establecementos industriais (2ª campaña) :** Realización dunha campaña de concienciación sobre a seguridade contra incendios en establecementos industriais, dirixida a empresas, organizacións empresariais e colexios profesionais; organizando actividades divulgativas nas catro provincias, ademais de elaborar materiais específicos impresos e dixitais.
- 4) **Curso formación de operadores de atraccións itinerantes de feira:** a finalidade é a realización dun curso de formación para os operadores de atraccións itinerantes de feira
- 5) **Guía divulgativa sobre a vixilancia de mercado de los produtos industriais:** Elaboración dunha guía orientada ao comprador final, particularmente tendo en conta a usuarios industriais finais como empresas instaladoras, atendendo a un contexto de aumento das importacións e do comercio electrónico que está permeando tamén aos sectores produtivos.
- 6) **Xornadas divulgativas das ECCOM no seu ámbito de actuación no exercicio de control de actividades:** Impartición de xornadas para a divulgación das entidades de certificación de conformidade municipal, no desenvolvemento de actuacións de certificación, verificación, inspección e control da conformidade das instalacións, dos establecementos e das actividades coa normativa aplicable en cada caso no ámbito municipal, en especial dos espectáculos públicos e as actividades recreativas regulados no Decreto 226/2022, do 22 de decembro



TERCEIRA.- OBRIGAS DOS COLEXIOS PROFESIONAIS

Os citados colexios profesionais colaborarán coa CEI no desenvolvemento das actuacións incluídas na cláusula anterior, cuxo detalle se inclúe como Anexo I a este convenio.

Así mesmo, deberá cumprir cos seguintes requisitos ou obrigas:

1. Destinar o importe do financiamento do presente convenio ao obxecto e finalidade que se contén no mesmo.
2. Achegar os documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola CEI.
- 3.- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas ou o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino dos fondos transferidos, e facilitar a inspección e control dos órganos da CEI co fin de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.
4. Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e as normas que a desenvolven.
5. Acreditar ante a CEI, con anterioridade á sinatura do presente convenio, que se atopa ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social.
6. Nas diferentes actuacións realizadas por parte dos citados colexios profesionais e, nomeadamente, nas accións dirixidas ao fomento, a difusión, a promoción e a concienciación sobre seguridade industrial en Galicia, a entidade fará constar expresamente a colaboración prestada pola CEI, coa utilización do correspondente logotipo identificativo, en virtude do disposto no Manual de Identidade Corporativa da Xunta de Galicia, en todo o material de execución, información e publicidade das actividades do convenio.

CUARTA.- OBRIGAS DA CEI

1. Colaborar no desenvolvemento daquelas iniciativas e accións vinculadas ao obxecto do convenio para asegurar o seu cumprimento.
2. Financiar as actividades obxecto deste convenio establecidas na cláusula segunda ata un máximo de 81.500,00 €.
3. Supervisar que as actividades sexan desenvolvidas de acordo coas estipulacións do presente convenio e ditar as instrucións que se estimen precisas para a referida colaboración.

QUINTA.- CONTÍA DA ACHEGA ECONÓMICA

A CEI, por medio da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, achegará aos citados colexios profesionais, en función do orzamento sinalado, a cantidade de oitenta e un mil cincocentos euros (81.500,00 €) con cargo a aplicación orzamentaria 09.03.732A.640.8 "Plan de mellora da seguridade industrial en Galicia" da devandita Consellería, ao levar a cabo as actuacións obxecto do convenio:

Código proxecto	Aplicación orzamentaria	Importe ano 2026
2024 00036	09.03.732A.640.8	81.500 €



Esta achega económica realizarase como unha compensación dos gastos nos que incorra os citados colexios profesionais para a axeitada execución das accións obxecto do convenio. En ningún caso se aboarán importes que supoñan a obtención de lucro por parte do ditos colexios.

A distribución do orzamento desagregada en función das actuacións previstas no Anexo I, a realizar por cada un dos colexios profesionais, é a seguinte:

PARTIDAS	IMPORTE (€)	COLABORADOR
Actividades divulgativas de boas prácticas de seguridade en Instalacións Provisionais en Verbenas e Festas Populares	8.900,00 €	Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo (COETILUGO)
2ª Versión da Guía divulgativa sobre infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos	7.800,00 €	Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo (COETILUGO)
2ª Campaña de Promoción da seguridade contra incendios en establecementos industriais	24.000,00 €	Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo (COITIVIGO)
Cursos de formación operadores de atraccións itinerantes de feira	15.000,00 €	Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo (COITIVIGO)
Guía divulgativa sobre a vixilancia de mercado de los produtos industriais	17.800,00 €	Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo (COITIVIGO)
Xornadas divulgativas das ECCOM no seu ámbito de actuación no exercicio de control de actividades	8.000,00 €	Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña (COETICOR)
TOTAL	81.500,00 €	

COLABORADOR	Suma - IMPORTE (€)
Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña (COETICOR)	8.000,00 €
Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo (COETILUGO)	16.700,00 €
Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo (COITIVIGO)	56.800,00 €
Total Resultado	81.500,00 €

O Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Ourense poderá realizar una colaboración participando en calquera das actuacións previstas, sen dereito a compensación económica dos gastos, a cal renuncia a favor do colexio que consta como colaborador na actuación recollido na anterior táboa.



Calquera modificación substancial das actuacións previstas no Anexo I do presente convenio deberá ser solicitada á CEI, quen decidirá sobre a súa procedencia e, no caso de aceptarse, se levará a cabo á súa formalización mediante a correspondente "addenda", sempre que non aumente o importe total do convenio, e que non se desvirtúen as súas características e obxectivos.

Sen prexuízo do anterior, e sen necesidade de instar á modificación do convenio a través dunha "addenda", poderanse aceptar variacións nas partidas de gasto indicadas anteriormente, coa limitación do 25 % de cada unha delas, sempre que non aumente o importe total do convenio, as partidas correspondan o mesmo colexio, e non aumente o importe correspondente o mesmo colexio, e que non se desvirtúen as súas características e obxectivos, previa reunión da comisión de seguimento regulada na cláusula decimo terceira, e con acordo por unanimidade entre as partes.

A non execución dunha actuación por causas debidamente motivadas, e sempre que non concorra calquera das causas de resolución do convenio recollidas na cláusula decimo sexta, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará lugar a correspondente "Addenda" ao convenio, sempre que non aumente o importe total do convenio, e que non se desvirtúen as súas características e obxectivos.

SEXTA.- GASTOS ATENDIBLES

Con carácter xeral, considéranse gastos atendibles aos efectos do convenio aqueles que, de xeito indubidable, responden á natureza das actividades e fins do convenio.

Os gastos deberán ser realizados, facturados e efectivamente pagados dentro do ámbito temporal do propio convenio e, polo tanto, no que atinxe unicamente a actuacións realizadas desde a sinatura deste convenio e ata a data de xustificación, de conformidade cos prazos sinalados nesta cláusula.

Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustárense aos calendarios de recadación, como os ingresos á conta do IRPF ou as cotas dos seguros sociais.

O importe do IVE (imposto do valor engadido) non se considerará gasto xustificable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación por parte dos citados colexios profesionais, salvo que se acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención, parcial ou total, do IVE, sendo soamente gasto xustificable a parte que non resulte recuperable.

No caso de exención **parcial** regulado a través da regra de **prorrata**, se o resultado da liquidación definitiva resultase superior o estimado provisional para o ano vixente do presente convenio, os citados colexios profesionais comprometéase a facer o reintegro voluntario da diferenza, unha vez feita a liquidación definitiva, a cal deberá comunicarse a CEI, na conta xeral de Tesouro da Xunta de Galicia, do gasto xustificable indebidamente cobrado, no prazo dun mes desde a citada liquidación definitiva. No caso de non realizarse dito pago, por parte de CEI comunicárase a consellería competente en materia de tesouro para iniciar o correspondente expediente de reintegro por pago indebido.

Todos os gastos externos iguais ou superiores aos 3.000 euros, IVE excluído, deben ser notificados á CEI antes da súa contratación.

Os gastos nos que incorra os citados colexios profesionais serán compatibles con outras cantidades públicas ou privadas que puidese recibir, que deberán ser declaradas nas liquidacións do convenio e diminuírán o importe total a achegar pola CEI.

Todos os gastos externos xustificables polos citados colexios profesionais deben axustarse a prezos de mercado, polo que podería solicitarse unha auditoría sobre os gastos xustificables,



no caso de que non exista outro patrón de público coñecemento que permita establecer o dito axuste.

Entre outros conceptos consideraranse atendibles ao abeiro deste convenio os gastos propios ou os derivados de contratacións para a subministración ou servizos de empresas e profesionais independentes nos seguintes ámbitos:

- a) **Gastos de persoal propio dos citados colexios profesionais**, excepto as indemnizacións por despedimento e xubilacións anticipadas.

Os custos atendibles de persoal minoraranse na contía das deducións e bonificacións de cotizacións á Seguridade Social de que goce a entidade por razón da contratación do persoal cuxo custo se impute ao convenio, prorrateada, de ser o caso.

- b) **Materiais**: adquisición de materiais, compoñentes precisos, subministracións e produtos similares para a realización das actuacións deste convenio.
- c) **Publicidade e comunicación**: gastos de inserir publicidade relacionada coa sensibilización na seguridade industrial nos distintos medios de comunicación existentes, tanto físicos como dixitais, incluídas as redes sociais.
- d) **Materiais promocionais**: gastos de creación, emisión, difusión e envío de guías, carteis, folletos ou similares, relacionados coa sensibilización na seguridade industrial.
- e) **Materiais audiovisuais**: gastos de creación, emisión e difusión de vídeos relacionados coa sensibilización na seguridade industrial.
- f) **Xornadas informativas de divulgación e promoción**: gastos de organización e execución de xornadas informativas sobre a seguridade industrial, incluíndo o arrendamento de salas e equipos, catering, gastos de poñentes, persoal de apoio, etc.
- g) **Contidos web**: gastos de creación de contidos web relacionados coa sensibilización na seguridade industrial.
- h) **Informes de asesoramento**: gastos de elaboración de informes de asesoramento a empresas incluíndo gastos de desprazamento e manutención para visitar as empresas, así como honorarios dos profesionais colexiados.

Considéranse gastos atendibles os comprendidos entre a data da sinatura do convenio e o 30 de novembro de 2026.

SÉTIMA.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

OITAVA.- PAGAMENTO

A CEI achegará para o financiamento do custo das accións previstas no presente convenio un importe total máximo de oitenta e un mil cincocentos euros (81.500,00 €). Esta cantidade será aboada con cargo aos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2026, nos que existe crédito axeitado e suficiente para financiar ata o 100% esta achega, conforme á partida orzamentaria 09.03.732A.640.8 "Plan de mellora da seguridade industrial de Galicia".

NOVENA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN

Poderán aboarse pagos parciais vinculados á finalización dos traballos correspondentes a cada unha das actuacións descritas na cláusula segunda e previa xustificación na forma establecida na presente cláusula coa seguinte distribución:





- Finalización actuación 1= 8.900,00 €
- Finalización actuación 2= 7.800,00 €
- Finalización actuación 3= 24.000,00 €
- Finalización actuación 4= 15.000,00 €
- Finalización actuación 5= 17.800,00 €
- Finalización actuación 6= 8.000,00 €

A data límite para a presentación da correspondente xustificación da realización das actividades do presente convenio será o 5 de decembro de 2026. Admitiranse os xustificantes de gastos realizados dende a data da sinatura do convenio ata 30 de novembro de 2026.

Para a acreditación á que se refire o parágrafo anterior, os citados colexios profesionais presentará á Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, unha vez finalizados os traballos que se detallan na cláusula segunda deste convenio, a seguinte documentación:

A. Certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control da **toma de razón en contabilidade do cumprimento da finalidade do convenio e da aplicación dos fondos destinados para tal efecto**. Ademais, incluírase unha declaración responsable de que non existe ánimo de lucro e que os importes reclamados se circunscriben á satisfacción dos gastos nos que teña incorrido para a execución das actividades obxecto deste convenio. Esta declaración responsable deberá estar asinada dixitalmente pola persoa que ostente a representación legal da entidade.

B. Unha Memoria de Actuación xustificativa do cumprimento das actividades obxecto do convenio. Presentarase un informe final detallado con indicación do grao de cumprimento respecto ao planificado, os resultados obtidos e as incidencias máis significativas no marco deste convenio. Nos casos en que sexa posible, empregaranse indicadores obxectivos para medir o impacto logrado a través de cada acción. Nos casos daquelas actividades nas que se elabore documentación, materiais gráficos, de promoción, audiovisuais ou calquera outro material en formatos analóxicos ou dixitais que se obteña no desenvolvemento das actividades deste convenio, achegarase copia dun exemplar ou a ligazón a webs e outros espazos virtuais relevantes nos que poida acreditarse a súa existencia.

C. A/s factura/s polo importe tal e como se sinala na cláusula quinta co detalle das actuacións efectuadas e programadas na cláusula segunda acompañada dunha Memoria Económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:

- a. Unha relación dos gastos e investimentos clasificados por partida orzamentaria, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pago, así como partida orzamentaria á que corresponde. Esta táboa virá asinada e selada polo responsable da entidade.
- b. Orixinais ou fotocopias compulsadas dos documentos acreditativos do investimento ou actuación consistentes en facturas dos provedores ou documentos de valor probatorio equivalente.

As facturas e xustificantes de gasto deberán reunir os seguintes requisitos, de acordo co establecido no Real Decreto 1619/2012 relativo ás obrigacións de facturación:

- Deberá poder identificarse de forma clara o número da factura e a súa data de emisión.
- Deberá identificarse correctamente tanto o destinatario dos bens ou servizos como o obrigado a expedir a factura, incluíndo as súas correspondentes razóns ou denominacións sociais, números de identificación fiscal e domicilio.



- O concepto da factura deberá ser claro e relacionado coas actividades atendidas neste convenio, describindo as operacións e a data de realización das mesmas.
- No caso das subcontratacións o documento xustificativo ou factura deberá facer referencia á actividade ou tarefas subcontratadas no marco do proxecto en cuestión.
- Deberá poderse identificar o tipo impositivo ou tipos impositivos aplicados ás operacións.
- Finalmente, deberá poderse identificar a cota tributaria repercutida, que deberá consignarse por separado, no seu caso.

En calquera caso, o importe xustificado de cada factura será o valor total da mesma sen IVE. Para poder incluír o IVE como gasto financiable, os citados colexios profesionais deberá presentar o correspondente certificado de estar exento do pagamento do IVE.

Se as facturas están en idioma distinto do galego ou español, deberase achegar tradución da descrición do servizo, subministración ou outro tipo de gasto que corresponda, debéndose axustar as facturas aos requisitos que esixa a lexislación de cada país estranxeiro.

- c. **Orixinal ou copia compulsada da documentación bancaria dos pagamentos.** Presentarase adxunto a cada documento de gasto o seu correspondente documento de pagamento e o extracto bancario onde figure o cargo correspondente.

Non se admiten os pagamentos en efectivo.

Os xustificantes bancarios de pagamento deben coincidir exactamente co importe da factura, IVE incluído. No caso de que o importe reflectido no documento bancario non coincida co importe do documento de gasto (pagamento agrupado), deberase remitir unha relación dos pagamentos efectuados xunto cos documentos de gasto, onde se poida identificar o gasto en cuestión.

D. Copia compulsada do último recibo do IAE, soamente cando os citados colexios profesionais deba estar dado de alta no imposto de actividades económicas. No caso de que os citados colexios profesionais fose suxeito pasivo do IAE, pero estivese exento do pago deste tributo, aportará declaración responsable na que se fagan constar tales circunstancias. Por último, cando os citados colexios profesionais non estea suxeito á citada obriga tributaria aportará declaración responsable na que figure que non está suxeito a dito imposto.

E. Certificado relativo á situación dos citados colexios profesionais con respecto ao imposto sobre o valor engadido (IVE). No caso de exención **parcial** regulado a través da regra de **prorrata**, xustificación da prorrata estimada provisional para o ano vixente do presente convenio.

F. Certificados acreditativos de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

G. Declaración da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento.

Os citados colexios profesionais responsabilizarase da veracidade dos documentos presentados.

En todo caso, a CEI resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa, en relación coa xustificación do cumprimento do obxecto do convenio e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.



Os citados colexios profesionais manterá a disposición da CEI ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como a Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación *in situ*, ben por medios propios ou mediante auditor externo. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 5 anos desde a finalización do prazo de vixencia do convenio.

DÉCIMA.- CONTROL

A CEI poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento da actividade.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE DA SUBSCRICIÓN DO CONVENIO

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006 de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a CEI publicará no Diario Oficial de Galicia, no Portal de transparencia e Goberno Aberto e na súa páxina web oficial o importe da prestación económica concedida ao abeiro deste convenio e a entidade destinataria desta, e incluírá igualmente a referida contribución e as sancións que como consecuencia deste puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión aos órganos competentes da CEI.

Os citados colexios profesionais deberá subministrar toda a información necesaria para que a CEI poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

DÉCIMO SEGUNDA.- PROPIEDAD INTELECTUAL

A documentación xerada como consecuencia da execución deste convenio será propiedade dos citados colexios profesionais, cada un da súa documentación, e a CEI. Na medida en que a mesma sexa susceptible de protección mediante o réxime da propiedade intelectual, seralles de aplicación o disposto no artigo 7 do Texto refundido da Lei de propiedade intelectual, relativo á obra en colaboración.

A titularidade de todos os dereitos de propiedade intelectual inherentes á documentación elaborada será dos citados colexios profesionais, cada un da súa documentación, e da CEI, por ámbito mundial e polo prazo de protección dos dereitos de propiedade intelectual, de acordo coa normativa nacional e comunitaria aplicable.

DÉCIMO TERCEIRA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para garantir a correcta execución e seguimento do pactado neste convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento integrada por unha persoa representante de cada parte asinante. Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio. Así mesmo, esta comisión supervisará a programación das accións concretas ás que se refire o convenio e avaliará e controlará as actividades realizadas.

A comisión reunirase en sesión constitutiva nun prazo non superior a un mes desde a sinatura deste convenio. Así mesmo, reunirase tantas veces como o soliciten as partes para analizar o grao de cumprimento dos obxectivos fixados, propor a resolución dos conflitos



específicos que puidesen exporse e realizar calquera outra actuación de coordinación que se estime precisa.

O presidente da Comisión, que será un dos representantes da CEI, terá voto dirimente.

Son funcións da Comisión de Seguimento as seguintes:

1. Realizar a vixilancia, o seguimento e control das actuacións do convenio.
2. Propor solucións aos conflitos que puideran xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio.
3. As que sexan precisas para garantir a correcta execución do convenio.

A Comisión reunirse as veces que sexan precisas á solicitude de calquera das partes asinantes.

Esta Comisión rexerase en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados, regulada na sección 3ª do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO CUARTA.- CONFIDENCIALIDADE

Os citados colexios profesionais comprométese a manter a confidencialidade de toda a información facilitada que teña dito carácter.

Cando os citados colexios profesionais desexe utilizar algún dato que teña o carácter de confidencial para a súa publicación ou difusión, deberá solicitar a autorización expresa da CEI.

DÉCIMO QUINTA.- RELACIÓN CONTRACTUAL

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian executar as actividades a desenvolver no presente convenio e a Xunta de Galicia, de maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMO SEXTA.- RESOLUCIÓN

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideren incumpridos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.



e) Introducción de modificacións substanciais cando a Comisión de Seguimento non acorde a proposta dunha modificación do Convenio.

f) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, acordarán a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

DÉCIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN

Calquera modificación substancial das actuacións previstas no Anexo I do presente convenio deberá ser solicitada á CEI, quen decidirá sobre a súa procedencia e, no caso de aceptarse, se levará a cabo á súa formalización mediante a correspondente "addenda".

DÉCIMO OITAVA.- AUTORIZACIÓNS

Os citados colexios profesionais consente expresamente a inclusión dos datos relevantes e persoais deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados ante a CEI, con sede no complexo administrativo de San Caetano s/n, 15704, Santiago de Compostela.

Este consentimento esténdese á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao Diario Oficial de Galicia e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén comporta a autorización á CEI para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

DÉCIMO NOVENA.- NATUREZA E RESOLUCIÓN DE CONFLITOS

O presente convenio ten carácter administrativo quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014, de conformidade co seu artigo 6, sen prexuízo da aplicación dos principios desa lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse, consonte o previsto no seu artigo 4.

As partes comprométense a resolver de común acordo, ante a Comisión de seguimento, calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio. En caso de conflito, as partes acordan o sometemento á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

VIXÉSIMA.- SUPLETORIEDADE

Para todo o non previsto neste convenio aplicárase o previsto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo



que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non se opoña á Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

Tendo lido o presente convenio e, en proba de conformidade, asínase electrónicamente por todas as partes.

Pola CEI

María Jesús Lorenzana Somoza

Polo COETILUGO

Jorge Rivera Gómez

Polo COETIVIGO

Jorge Cerqueiro Pequeño

Polo COEITICOR

Macario Daniel Yebra Lemos

Polo COETIOU

Santiago Luis Gómez-Randulfe Álvarez



ANEXO I

ACTUACIÓNS QUE SE DESENVOLVERÁN NO MARCO DESTE CONVENIO

1. Actuacións divulgativas de boas prácticas de seguridade industrial en instalacións provisionais en verbenas e festas populares:

Elaboración de documentación divulgativa de boas prácticas de seguridade industrial para o seu uso por parte de técnicos das administracións local, provincial e autonómica; profesionais e particulares; coa finalidade de garantir o cumprimento da normativa de seguridade aplicable e, polo tanto, as condicións de seguridade para os usuarios das instalacións provisionais en eventos populares. En particular tendo en conta os cambios normativos producidos pola lei de medidas pola lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, na normativa das atraccións de feira.

Redactarase documentación divulgativa de boas prácticas tendo en conta ás propostas polas partes participantes na elaboración, coa elaboración de modelos de documentos e persoais necesarios para desenvolver os documentos requiridos, recollendo procedemento a seguir de acordo coa lexislación existente, así como realizando unha análise na que se identifiquen posibles carencias na propia lexislación, a necesidade de establecer requisitos específicos en función do tipo de instalación/atracción coa finalidade de establecer as bases para unha futura revisión, desenvolvemento ou adecuación da normativa autonómica. Así mesmo, revisaranse todos os seus aspectos de acordo coas indicacións da CEI, e estendéndoa con modelos detallados de documentos tipo que contemplan a maior parte das atraccións e contextos de instalación.

A documentación divulgativa poderá ter os formatos de folletos, informes técnicos simplificados e manuais ou guías de boas prácticas. Así, como libro verde recollendo propostas orientadas a iniciar un proceso lexislativo, e casos de éxito, que analicen solucións a problemas específicos das instalacións provisionais en verbenas e festas populares.

Esta documentación confeccionarase por parte dunha comisión mixta, composta por representantes das administracións afectadas, da CEI, dos colexios profesionais, técnicos en libre exercicio e organismos de control. Unha vez redactada a documentación, realizarase un labor de divulgación a través da CEI, das administracións afectadas e dos colexios profesionais.

Os citados colexios profesionais realizarán unha licitación aberta a profesionais da seguridade industrial (instaladores, organismos de control habilitados, enxeñerías, técnicos...) para a elaboración da documentación, que será maquetada e editada en versión galego e castelán, que permitirá a súa publicación en formato .pdf no portal web da CEI, así como a súa edición impresa. Así como a redacción dun resume executivo do documento actualizado.

Esta documentación adaptarase ao Manual de Identidade Corporativa da Xunta de Galicia (<https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/descarga-do-manual>) e realizarase o seu depósito legal, así como obterase o número internacional para a catalogación de libros (ISBN), tendo en conta propiedade conxunta do correspondente colexio profesional que a elaborou e a CEI.

2. Elaboración dunha 2ª versión da Guía divulgativa sobre infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos:



Prevese a elaboración dunha 2ª versión da guía divulgativa para o seu uso por parte de técnicos das administracións local, provincial e autonómica; profesionais e particulares; coa finalidade de garantir o cumprimento da normativa de seguridade aplicable aos proxectos de infraestruturas de puntos de recarga de vehículos eléctricos, tanto de acceso público como privado, na súa instalación e vida útil, así como requisitos administrativos para a súa instalación. **O motivo desta segunda versión ven polos cambios normativos producidos pola Lei 9/2025, de 3 de decembro, de Mobilidade Sostible, na normativa sobre a planificación, despregue e instalación de infraestrutura de recarga del vehículo eléctrico.**

Dita segunda versión realizarase unha revisión dos contidos para adaptalos ás modificacións derivadas de cambios normativos e achegas de interesados, elaborando modelos e persoais necesarios para desenvolver os documentos para as tramitacións pertinentes, complementándose coas achegas das compañías distribuidoras de enerxía eléctrica de Galicia e a CEI, e estendéndose con exemplos detallados que contemplan a maior parte das configuracións de instalación.

Os citados colexios profesionais realizará unha licitación aberta a profesionais da seguridade industrial (instaladores, organismos de control habilitados, enxeñerías, técnicos...), incorporando aos traballos de elaboración persoal das empresas distribuidoras de enerxía eléctrica en Galicia, para a elaboración da guía que será maquetada e editada en versión galego e castelán, que permitirá a súa publicación en formato .pdf no portal web da CEI, así como a súa edición impresa. Así como a redacción dun resume executivo do documento actualizado.

Esta guía adaptarase ao Manual de Identidade Corporativa da Xunta de Galicia (<https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/descarga-do-manual>) e realizarase o seu depósito legal, así como obterase o número internacional para a catalogación de libros (ISBN), tendo en conta propiedade conxunta do correspondente colexio profesional que á elaborou e a CEI.

3. Realización dunha campaña de promoción e concienciación da Seguridade Contra Incendios nos establecementos industriais (2ª edición):

Charlas dunha xornada de mañá ou tarde dirixida a empresas, organizacións empresariais e colexios profesionais que non participaron na edición anterior. Esta campaña apoiarase no novo Regulamento de Seguridade Contra Incendios en Establecementos Industriais (Real Decreto 164/2025, do 4 de marzo) de cara a reforzar a súa efectividade e a sensibilizar sobre os seus obxectivos.

Organizaranse actividades divulgativas nas catro provincias, nas localizacións propostas pola CEI, co apoio das organizacións empresariais e dos parques empresariais, elaborando tamén materiais específicos impresos e dixitais de apoio. Empregaranse casos de estudo e estatísticas sobre a incidencia e as características dos incendios proporcionadas pola Fundación INADE e o Instituto Atlántico del Seguro para apoiar as actividades.

Realizarase unha difusión da campaña, empregando comunicacións dirixidas ás asociacións empresariais combinadas con publicacións en redes sociais e medios de comunicación social.

Planificaranse un mínimo de 12 visitas a áreas empresariais, que non se puideran realizar na campaña anterior. Así, previamente pola CEI teñense identificaronse un total de 43 áreas empresarias potencialmente receptoras da 2ª edición da campaña de promoción e



concienciación, dispersas por todas as provincias galegas, e do mais diverso tamaño e composición de establecementos industriais asentados en ditas áreas, polo cal a fin de facilitar a asistencia, evitando desplazamentos, e chegar o maior número posible de público obxectivo, deberán agrupar as charlas nunha área por proximidade xeográfica entre elas, ata alcanzar o citado mínimo de 12.

Os citados colexios profesionais realizará unha licitación aberta a profesionais da seguridade industrial (instaladores, organismos de control, enxeñerías, técnicos...), para a impartición de dita campaña.

4. Impartición dun curso formación operadores de atraccións itinerantes de feira:

Deseño e desenvolvemento dunha acción formativa dirixida á capacitación de operadores de atraccións itinerantes de feira, incluíndo partes técnicas, de seguridade e sobre normativa.

A actuación constará dunha parte online sobre os aspectos teóricos, realizable baixo demanda polos interesados, e outra parte presencial na que se desenvolvesen aspectos prácticos clave a definir. A duración de ambas partes non poderá ser inferior a 50 horas, sendo a parte online non superior o 70 %.

O deseño das accións formativas a desenvolver, atenderán as necesidades do sector, características dos alumnos e normativa de aplicación.

A actividade consistirá na elaboración do material para a formación online dos alumnos, deseño e posta en marcha do portal formativo para dar soporte aos materiais online, baseado na plataforma aprendizaxe en liña, elaboración do programa formativo presencial e contratación dos servizos: local, docentes, materiais, ... e xestión da matriculación, seguimento e avaliación dos alumnos matriculados no curso, sendo a cantidade de alumnos máxima de 50.

os citados colexios profesionais realizará unha licitación aberta a profesionais da seguridade industrial (instaladores, organismos de control, enxeñerías, técnicos...) conxunta coa elaboración da guía de boas prácticas de seguridade para a tramitación de instalacións provisionais en verbenas e festas populares.

5. Guía divulgativa sobre a vixilancia de mercado dos produtos industriais:

A vixilancia de mercado é o conxunto de actividades e medidas adoptadas polas autoridades públicas para garantir que os produtos industriais comercializados cumpran coa lexislación vixente. O seu obxectivo principal é asegurar a seguridade dos usuarios, previr riscos para a saúde, eliminar a competencia desleal e asegurar un mercado xusto.

Na elaboración da guía participarán tanto membros da citados colexios profesionais, como colexiados con coñecementos específicos no ámbito da guía, membros organismos de control habilitados, e da CEI, xunto con persoal da consellería competente en materia de consumo e comercio.

Os citados colexios profesionais realizarán unha licitación aberta a profesionais da seguridade industrial (instaladores, organismos de control, enxeñerías, técnicos...) incorporando aos traballos de elaboración persoal da CEI para a elaboración da guía, que será maquetada e editada en versión galego e castelán, que permitirá a súa publicación en formato .pdf no portal web da CEI, así como a súa edición impresa. Así como a redacción dun resume executivo do documento actualizado.



Esta guía adaptarase ao Manual de Identidade Corporativa da Xunta de Galicia (<https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/descarga-do-manual>) e realizarase o seu depósito legal, así como obterase o número internacional para a catalogación de libros (ISBN), tendo en conta propiedade conxunta do correspondente colexio profesional que á elaborou e a CEI.

6. Xornadas divulgativas das ECCOM no seu ámbito de actuación no exercicio de control de actividades

As Entidades de Certificación de Conformidade Municipal (ECCOM) son entidades privadas acreditadas que colaboran coa administración local. No seu ámbito de control de actividades, verifican e certifican que proxectos, obras e establecementos cumpren a normativa urbanística e sectorial, substituíndo cos seus informes os trámites municipais estándar.

As xornadas serán de mañá e/ou tarde, e na súa impartición poderán participar tanto membros dos citados colexios profesionais, como das ECCOM, así como representantes da administración local, e da CEI, xunto con persoal da consellería competente en materia de urbanismo.

Realizarase un mínimo dunha xornada por provincia, na localidade acordada coa CEI.

As xornadas centraranse exclusivamente nas actuacións de certificación, verificación, inspección e control de espectáculos públicos e actividades recreativas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os citados colexios profesionais realizará unha licitación aberta a profesionais da seguridade industrial (instaladores, organismos de control, enxeñerías, técnicos...)

